

Durante a crise por COVID-19

**EROSKI DUPLICA O NÚMERO DE
ADMINISTRACIÓNS E ENTIDADES QUE
SOLICITAN A SÚA TARXETA DE COMPRA PARA
FINS SOCIAIS**

- Actualmente son 59 as organizacións que se acolleron a este servizo que EROSKI ofrece para garantir as necesidades básicas de alimentación e hixiene das persoas beneficiarias
- O importe de cada tarxeta de compra acórdano as administracións públicas e entidades sociais en función das necesidades de cidadáns e familias beneficiarias desta iniciativa
- Dende a posta en marcha deste servizo hai cinco anos EROSKI activou máis de 27.500 tarxetas destas características, un 45 % delas dende o comezo da crise do COVID-19

Elorrio, 22 de maio do 2020.- Como consecuencia da crise xerada polo COVID-19, duplicouse en [EROSKI](#) o número de administracións públicas e entidades sociais que solicitan a súa tarxeta de compra para fins sociais, destinada a canalizar a axuda asistencial a cidadáns e familias en situacións de emerxencia. Son xa 59 administracións e entidades das comunidades do País Vasco, Navarra, Galicia, Baleares, Aragón, Andalucía e Cantabria as que utilizan este servizo que EROSKI ofrece dende o 2015 en todo o territorio onde opera a súa rede comercial.

A través de acordos con diversas entidades sociais e administracións públicas, esta ferramenta destínase aos beneficiarios ou voluntarios para que poidan realizar compras en situacións puntuais ou de maneira continuada no tempo no propio establecemento coma os outros clientes.

Cada entidade entrégalle a tarxeta de compra de EROSKI ao beneficiario ou voluntario cun importe cargado inicialmente e con posibilidade de realizar de xeito automático recargas de saldo periódicas personalizadas segundo as indicacións da entidade. O saldo dispoñible na tarxeta pódese consultar na propia tenda. Os organismos son os que deciden o saldo de cada tarxeta e mais os produtos que se poden adquirir con ela.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Dende a posta en marcha deste servizo hai cinco anos EROSKI activou máis de 27.500 tarxetas de compra para fins sociais, un 45% delas dende o pasado mes de marzo co comezo da crise do COVID-19. *"O noso compromiso social co contorno no que actuamos e coas persoas que máis o precisan cobra máis importancia aínda neste momento de crise derivada do estado de alarma. Algunhas canles habituais de axuda víronse obrigadas a pechar temporalmente polo que poden existir dificultades para cubrir esas necesidades básicas e con este sistema de tarxeta queremos contribuír a minimizalas e a lles facilitar ás entidades locais e sociais o seu labor de axuda aos colectivos máis vulnerables"*, declarou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa. *"Ademais, esta tarxeta, similar ás de agasallo ou fidelización EROSKI, dálle a este servizo un carácter integrador e non meramente asistencial"*, engadiu.

Solidariedade cos colectivos máis vulnerables

EROSKI tamén puxo en marcha diferentes iniciativas para axudar os colectivos máis vulnerables durante a crise do coronavirus. En colaboración coa Cruz Vermella puxo en marcha unha acción solidaria en todos os seus establecementos do territorio nacional para recadar fondos para a alimentación e hixiene doutro dos colectivos máis vulnerables desta crise, o dos nenos, nenas e familias en risco de exclusión social, risco agudizado pola crise do COVID-19. A través desta campaña, EROSKI deu recadado máis de 120.000 euros. Cruz Vermella, a través do seu programa Cruz Vermella RESPONDE, será a encargada de canalizar estes fondos para axudar a 25.000 familias.

Para axudar tamén a outros sectores máis necesitados, EROSKI puxo en marcha hai unhas semanas unha campaña solidaria a prol dos bancos de alimentos co obxectivo de apoiar e reforzar as súas capacidades para que poidan continuar a atender os seus beneficiarios durante os vindeiros meses. Actualmente os seus clientes poden realizar unha achega solidaria ao seu paso pola liña de caixas, que se sumará á doazón de 30 toneladas de produtos alimenticios que fixo EROSKI.

Sobre EROSKI

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

A transformación social a través da actividade empresarial é un dos fins cooperativos. EROSKI, como cooperativa de consumo, é un proxecto colectivo centrado no consumidor e na sociedade. Por iso, desenvolve as súas actividades de compromiso social en catro eidos que definen a súa responsabilidade social: a promoción dunha alimentación saudable, a información ao consumidor, a sustentabilidade ambiental e a solidariedade.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)